

## APRENDIZAXE INTERACCIONAL

Un programa de desenvolvemento das habilidades sociais

*José Raposeiras Correa*

Equipo Psicopedagóxico da  
Consellería de Educación. Pontevedra.

### INTRODUCCIÓN

Os alumnos inadapatados non teñen "fe", normalmente, en si mesmos (non valoran o que hai de bo no "seu interior" e acostuman ver soamente "a cara negativa da moeda"). Non están formados nos valores democráticos e de convivencia pacífica, de respecto, de tolerancia: séntense frustrados e cun peculiar subxectivismo, non saben escoitar nin dialogar-comunicarse: en resumo, non dispoñen dun "norte" propio... Por iso cada vez existe máis delincuencia xuvenil, drogadicción, fuxida do fogar, paro, crise de valores, etc. Parece como se as condutas adictivas foran case o único refuxio á desolación de moitos xoves. A **capacidade creadora**, entendo que non está ben desenvolvida nin traballada. *Todos temos arte e parte nisto.*

No proceso curricular cómpre deixar tempo tamén para a reflexión e para a **educación de sentimentos**: obxectivos cognoscitivos e afectivos como un

todo dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, que conclúan nunha EDUCACIÓN INTEGRAL.

O sentimento é unha poderosa realidade humana que necesitamos educar, xa que normalmente é o que nos impulsa a actuar con máis forza. Os sentimentos son influenciábeis, **precísase que a familia e a escola se interesen por educa-los mesmos para que non sexa o contexto social o que se encargue de facelo**. Necesitamos de homes libres que actúen con sentido de responsabilidades, consecuentes e non autómatas. Debemos pois solicita-la súa creatividade, cultivándoos na súa formación integral, humanística, de especialización e culta, ademais de civilizada.

### MARCO TEÓRICO

Na Escola non só se proporciona o medio para as aprendizaxes académicas (actividades do currículo instructivo), senón tamén para o logro das apren-

dizaxes cooperativas e participativas **no eido da conducta social, afectiva e actitudinal** (*currículo orientador*).

Partirase do coñecemento de si mesmo, da formación do autoconceito ("self-concept") e da identidade persoal para chegar ás relacións interpersoais, á comunicación bidireccional, ó diálogo..., a ser unha PERSOA que nos permita vivir nunha *Escola Comprensiva*, que acepte a tolerancia, o espírito democrático, a convivencia e as desigualdades sociais.

A capacidade para comprenderlos demais e poñerse no seu lugar é moi importante para o fomento das relacións interpersoais: toma de decisión, formación de xuízos críticos, resolución de problemáticas, etc. Neste senso, *entendo que a capacidade social ten unha relación moi forte co nivel de desenvolvemento cognitivo*. Pastor (1995: 126.127) fálanos ó respecto de que "La adquisición de capacidades sociais es un proceso de estructuración gradual [...] En el proceso, la persona adquiere las pautas de conducta, normas y creencias dominantes en la sociedad. El proceso está relacionado con el desarrollo de otras capacidades: inteligencia, afectividad, identidad personal [...]". Máis adiante, coméntanos que "las habilidades sociales se aprenden [...] incluyen comportamientos verbales y no verbales explícitos y discretos [...]. El medio más idóneo para intervenir en el comportamiento social es el trabajo en el grupo de clase a partir de una planificación".

E obvio que ó non existir compor-

tamento sociais axeitados, o rapaz experimenta rexeitamento, infelicidade, illamento, inhibición social, pasividade, agresividade, conducta "acting out" ou conducta antisocial, entre outras. Ante isto, o alumno necesita superalas súas dificultades persoais cunha axeitada **aprendizaxe das interaccións sociais**.

No Programa de Filosofía para Nenos (FN\*), Mathew Lipman fálanos de obxectivos como os seguintes:

- Que se favoreza a actitude crítica e creativa nos alumnos.
- Que os alumnos adquiran a arte da incorporación á aula e ó grupo, aprendendo a escoitar e a ser escoitados con respecto e nun clima de tolerancia.
- Que aprendan actitudes democráticas, pensando.
- Que se reforcen os aspectos afectivo-emocionais e cognitivos.
- Que se promova a integración activa de tódolos alumnos.
- Que se ensine a pensar ós rapaces sobre os contidos.

Segundo este proxecto (autodefinido como curricularmente integrado), o Profesor traballará estes aspectos, entre outros, xa dende idades temperás (FN de 6 a 18 anos), ensinando a pensar en relación ás interaccións e habilidades sociais e rexeitando as posicións dogmáticas e autoritarias (Tébar, 1995).

## HABILIDADES SOCIAIS BÁSICAS PARA DESENVOLVER NOS DIFERENTES NIVEIS CURRICULARES

Dentro dos contidos da *formación integral do escolar*, ademais dos conceptos e dos procedementos están as actitudes, valores e normas. Para que a aprendizaxe sexa significativa, necesítase entre outras cousas que o alumno amose unha actitude favorable, de tal xeito que incorpore o novo ás súas experiencias para modifica-las estruturas cognitivas anteriores. Tal como nos expresa Ausubel, a aprendizaxe significativa parte do logro dunha disposición favorable ou **motivación**, *no contexto interaccional*, xunto ó coñecemento que posúe o alumno e cun potencial significativamente lóxico.

Os procedementos abranguen capacidades básicas ou habilidades. Estas habilidades conséguense coa práctica, aínda que hai persoas que teñen certa predisposición e capacidade para algunhas. Hai persoas máis "mañosas" ca outras e, por suposto, ninguén ten habilidades para todo. O emprego axeitado do contexto social e da motivación intrínseca contribúen a que a actividade sexa un principio espontáneo, á satisfacción polo traballo, ó recoñecemento social, ó equilibrio cognitivo que incide na construción individualizada da aprendizaxe propia de cada persoa.

Hai que formar hoxe os homes do mañá, para que sexan libres, solidarios, críticos e responsables. *Precísase, para isto que os alumnos aprendan a :*

- Dar opinión e respecta-las dos demais.

- Participar nos xogos, corpartirlos xoguetes e respecta-las regras establecidas.

- Expresa-los seus sentimentos e as súas emocións.

- Defenderse e saber expresa-las queixas.

- Adquirir seguridade e confianza en si mesmos.

- Saber relacionarse e cooperar na igualdade, entre eles e cos adultos

*Os Profesores Titores ensinarán-lles ós alumnos a:*

- Coida-lo efecto das actitudes propias.

- Comparti-las cousas (prestar e pedir prestado).

- Participar e cooperar nas actividades grupais (familia, clase, grupos de iguais).

- Saber escoitar (prestar atención, non interromper, mostrar interese, manifestar que se atende, facer preguntas, deixar fala-los demais e estar en disposición de querer).

- Participar na conversa (pedi-la palabra, respecta-las opinións dos demais, escoitar, non falar todos xuntos...).

- Saber valora-lo que fan os demais e o que fai un mesmo.

- Respecta-los acordos e decisións

tomadas en asambleas e conseguidos polo diálogo entre tódolos implicados.

- Saber dicir non a tempo e saber pedir favores.

- Aprende-las normas de educación e de cortesía. Informarse sobre os horarios e programas de TV. Coñece-los problemas sociais da actualidade...

- Saber pregunta-los "porqués" e saber informarse.

- Solicitar cambios de conducta allea.

- Defende-los propios dereitos.

Toda persoa debe coñece-los seus puntos fortes e débiles, e procuraremos non caer en "etiquetas" que nos poidan resultar contraproducentes. Por iso, dentro do ámbito pedagóxico, temos que axudarlles ós alumnos a que se coñezan a si mesmos e a realidade circundante na que se desenvolven, a que se acepten como son, pero sen abandona-lo esforzo por mellorar, e a que teñan un desexo persoal de mellora, tal como nos dicía un coñecido autor ascético: "un hombre con esperanza es un gigante frente al guiñapo que es el que no la tiene". De aí que sexa moi importante que tódolos educadores ensinen a establecer metas asequibles, así como que acerten nos medios que se deben empregar (Mañú, 1995). Isto é o que eu penso, e considero moi interesante o que poida quedar reflectido no currículo escolar, como intención e como guía da práctica psicopedagóxica.

## SUXERENCIAS PARA MELLORA-LA DINÁMICA DA CLASE

---

Desenvolverase nun ambiente agradable, alegre e activo, para que o traballo escolar sexa satisfactorio e que axude a resolve-las situacións conflictivas do grupo:

- Crearase un clima de confianza, de responsabilidade, de dereitos e de deberes.

- Fomentaranse as condutas de compañeirismo, e de respecto ó sexo, ó status social, as minorías étnicas, etc.

- Haberá pautas e normas claras de funcionamento da clase.

- Desenvolveranse actividades de ocio e extraescolares ou complementarias (dentro e fóra do Centro Educativo), para favorece-la comunicación e relación entre os membros do grupo.

- Favorecerase a integración escolar, social, familiar e laboral.

- Fomentaranse os hábitos de traballo axeitados: de estudo e deportivos; alimenticios e hixiénicos; de relación, de autonomía persoal e de respecto; organización, horarios, etc.

- Farase unha distribución flexible dos grupos, para posibilita-los cambios, a adaptación, a participación, o coñecemento de todos, as relacións, a presentación, etc. Crearanse grupos de clase amplos, grupos coloquiais, grupos de traballo, e tamén se fomentará o traballo individual.

## CONSELLOS PARA O PROFESOR

---

- Acepta-los alumnos tal como son, manter un trato cordial con todos, e evitar preferencias.

- Controla-la clase, e ser tolerante pero con disciplina. Predicar co exemplo ( que haxa coherencia entre o que se di e o que se fai). Evitar ameazas que non veñan ó caso.

- Comunicar confianza, seguridade, e optimismo ós rapaces. Evitar comparacións, salienta-los logros (calquera logro, por insuficiente que nos pareza), empregar estímulos positivos e adptarse ás posibilidades reais dos alumnos. A escola debe adaptarse ó alumno, non ó revés.

- Procurar que as tarefas sexan apropiadas para facilita-lo éxito escolar.

- Traballar en equipo, cooperando e participando cos demais Profesores implicados no proceso educativo, dentro e fóra do Colexio.

- Establecer un clima de liberdade dentro dunha orde na clase, dando oportunidade ós alumnos para experimentar -como axentes da aprendizaxe-, dinámica de grupos (xogo de roles, entre outras técnicas), constructivismo e significatividade.

- Estimula-lo respecto e a sinceridade cara á un mesmo e cara ós demais, educando para que o alumno teña unha imaxe positiva de si mesmo.

- Ensinar a que os rapaces desenvolvan a súa identidade persoal a través das propias experiencias e das valoracións externas do medio (pais, profesores, condiscipulos).

- Participar nos proxectos de formación permanente, de innovación educativa, adaptándose ás novas situación do ensino.

- Ensinar a autoavaliarse e a autorreforzarse positivamente, e a coavaliar.

- Axudar a emprega-las técnicas de traballo individual e facilita-lo trato directo nas horas de Titoría.

- Comprende-lo sistema de valores dos alumnos se das súas familias, proporcionándolles un "feedback" *que non infunda temor, nin ansiedade ou inseguridade*, o que nos leva a favorece-la autoestima dos educandos.

- Preparar para as *habilidades da vida (lifeskills)*, para as opcións educativas que esixe a nova sociedade postindustrial, a era tecnolóxica; e para o ocio e a resolución de conflitos a través do diálogo.

Para rematar, pretendo facer unha chamada de atención a tódolos que dun xeito ou doutro estamos implicados no proceso educativo da comunicación docente-discente. Reflexionemos a nivel persoal e profesional sobre as actitudes dos docentes. Ó respecto, Barberá Albalat ( 1992, 145-146) pregunta e responde: "Y ¿que aspectos no formales, resultado de la actitud positiva del docente, pueden beneficiar el apren-

dizaje?: la amabilidad, la confianza en el alumno, la simpatía, la expresión del rostro, la entonación y la calidad de la voz, el modo de mirar, los guiños, la manera de desplazarse por la clase..."

Continúa comentándonos, o citado autor, que "Todo esto hace que el clima de la clase se mueva en el sutil ámbito de la afectividad que tanto influye en la voluntad y motivación del alumnado. Un repaso a las actitudes del profesor en relación a los elementos del acto didáctico nos ilustrarían y sorprenderían a tenor de lo que estamos diciendo..."

Sería aconsellable, pois, que a intervención dos profesonais do ensino partira dun exame das propias actitudes. Neste caso, non se empregarían expresións pexorativas da imaxe dos rapaces, non se farían en público descalificacións globais das personalidades dos alumnos, senón que se buscaría apreciar, respectar, dar seguridade e confianza, animar, recompensar..., posibilitar unha relación social saudable como garantía da proxección futura da persoa humana.

A hora de conducir la clase, o profesor debe crear un "clima" que inflúa nos valores que os alumnos van coseguir. Precísase dun proceso de interacción na aula que nos leve a unha boa relación do profesor cos alumnos, e destes entre si.

## BIBLIOGRAFÍA

- Aguiló, A. (1995): "El carácter. Educar los sentimientos". *Hacer Familia*, 20, 71.
- Alcántara, J.A. (1993): *Como educar la autoestima*. Barcelona, Ceac.
- Barberá Albalat, V. (1992): *Como sobrevivir a la Reforma*, Madrid, Escuela Española.
- Escámez Sánchez, J. e P. Ortega Ruíz (1986): *La enseñanza de actitudes y valores*, Valencia, Nau llibres.
- López Quintás, A. (1982): *La juventud actual entre el vértigo y el éxtasis*, Madrid, Narcea.
- Marchago Salvador, J. (1991): *El profesor y el autoconcepto de sus alumnos*, Madrid, Escuela Española.
- Mañú Noáin, J. M. (1995): "Ayuda individual de mejora", *Educación hoy*, 48, 33-34.
- Ministerio de Educación y Ciencia (1992): *Guía de Orientación y Tutoría - Primaria*, Madrid.
- Ministerio de Educación y Ciencia (1992): *Guía de Orientación y Tutoría - Secundaria Obligatoria*, Madrid.
- Pastor Mallol, E. (1995): *La Tutoría en Secundaria*., Barcelona, Ceac.
- Rodríguez Moreno, M. L. (1994): *Orientación e intervención psicopedagógica*, Barcelona, CEAC.
- Salvador, A. (1993): *Evaluación y tratamiento psicopedagógicos. El Departamento de Orientación según la LOGSE*, Madrid, Narcea.
- Tébar, L. (1995): "La riqueza de saber pensar", *Educación hoy*, 48, 11-15.

## Tamén se poden consultar

- Guía de orientación y tutoría - Primaria*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1992.
- Guía de orientación y tutoría - Secundaria Obligatoria*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1992.